

Strix aluco Linnaeus, 1758

	avelaiona
	cárabo común
	urubi arrunta
	gamarús, caro, cabrota, baladreu, agaús
	tawny owl, brown owl
	aluco, coruja-do-mato



ESTADO DE CONSERVACIÓN



MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 325-716 g

Longitude 36-43 cm

Envergadura 81-96 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Strigiformes	Strigidae	<i>Strix</i>

ALIMENTACIÓN

Roedores, coellos, paxaros, réptiles, anfibios e grandes insectos.

COMPORTAMENTO

Son animais nocturnos, monógamos e territoriais. Os adultos viven en parellas no mesmo territorio durante toda a vida, que defenden con agresividade. Algúns machos son polígamos, pero é moi infrecuente.

REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue dende decembro ata mediados da primavera. Poñen 1-6 ovos, que son incubados pola femia 28-29 días mentres o macho a alimenta. As crías poden voar aos 28-37 días, inda que cohabitán cos pais ata os 3 meses. Acadan a madurez ao ano.

HÁBITAT

Todo tipo de bosques, devesas, parques e edificios.

DISTRIBUCIÓN

Case toda Europa continental agás polo norte de Fenoscandia, Sicilia, Creta, Gran Bretaña, illas bálticas, oeste do Magreb, Cáucaso, Levante asiático, norte de Irán e Asia Central.

CURIOSIDADES

Cazan de noite grazas ao seu agudo sentido do oído, e contan cun sentido da vista semellante ao dos humanos. Caracterízanse por unha forma de voo moi silenciosa, que os fai moi difíciles de detectar.

A subespecie presente no campus é *Strix aluco sylvatica* Shaw, 1806, propia da península Ibérica, Francia, as Illas Británicas, sur de Italia, Grecia e Turquía occidental.